

**Resolución da Presidencia, do 8 de setembro de 2021, pola que se nomean os membros do tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.**

Apreciado un erro material na composición do Tribunal cualificador nomeado para as probas selectivas para o ingreso en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia e de conformidade co disposto no punto quinto das Bases reguladoras que rexen a convocatoria do proceso selectivo para ingresar por promoción interna de dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, aprobadas polo Acordo da Mesa do Parlamento do 23 de marzo de 2021.

**RESOLVO:**

1.- Deixar sen efectos a resolución do 26 de xullo de 2021 (BOPG núm. 195, do 6 de setembro de 2021), pola que se nomean os membros do tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

2.- Nomear os membros do Tribunal cualificador das probas selectivas para o ingreso por promoción interna en dúas prazas do corpo administrativo do Parlamento de Galicia ás persoas que figuran a continuación:

Tribunal titular:

- 1) Presidente: Xosé Antón Sarmiento Méndez
- 2) Secretaria: Rosa María Molinos Romero
- 3) Vogal 1: David González Alonso
- 4) Vogal 2: Begoña Ramos Suárez
- 5) Vogal 3: Javier Freire González

Tribunal suplente:

- 1) Presidenta: Raquel Rodríguez Carro
- 2) Secretaria: Maribel Cao Santamaría
- 3) Vogal 1: Martín Nercellas Méndez
- 4) Vogal 2: Ana de la Fuente Rodríguez
- 5) Vogal 3: Ignacio Cid Gómez

Santiago de Compostela, 8 de setembro de 2021.

O Presidente,

Miguel Ángel Santalices Vieira.